

José Carlos

de Miguel Domínguez

“A universidade debe desfacerse da burocracia e achegarse ao que a sociedade demanda”

Para este profesor de Economía, a universidade debe facer un esforzo para aproximar a formación dos estudantes ás necesidades e demandas do mundo laboral. A reforma iniciada co proceso de Boloña suscítalle bastantes dúbidas, pero cre que pode favorecer a reflexión entre o profesorado para axustar máis os currículos e avanzar nesa dirección.



Texto **Gena Borrajo**

Fotografía **Fernando Bellas**

A docencia debería someterse a unha avaliación tan rigorosa como a que se leva a cabo coa investigación

O novo escenario que se nos presenta fainos recapacitar sobre as cuestións nucleares que debemos ensinar

A falta de sintonía entre a universidade e o mundo real e laboral é unha das críticas máis recorrentes

Non creo que a universidade estea afastada do mundo real, porque tanto os docentes coma os discentes vivimos nel. Pero o que é evidente é que existe unha falta de conexión entre o que a universidade imparte e o que as empresas demandan. Tamén é certo que resulta practicamente imposible axustar o *imput* co *oupot*, pois as empresas non sempre requiren o mesmo dos seus empregados. En calquera caso, hai que recoñecer que a universidade pública reflexiona pouco sobre o que a sociedade demanda.

Quere dicir que a universidade privada si o fai?

Eu traballo na universidade pública, polo tanto as miñas reflexións sempre se refiren a ela, pero a min cónstame que existen asociacións e universidades privadas que realizan este tipo de análise ao que aludo.

Nestes momentos atravesamos unha situación de convulsión económica. Inflúe esta crise no discurso que elabora para os seus alumnos?

Eu imparto Matemáticas para a Economía, e nesta materia pouco se pode utilizar para ilustrala, salvo o relativo á súa influencia na economía persoal de cadaquén. Pero é verdade que outras disciplinas, como Estrutura Económi-

ca, Modelos, ou mesmo Fundamentos, permiten presentar os contidos conectados coa situación na que están inmersos os propios alumnos. Por exemplo, en algo tan próximo ao meu ámbito como a Estatística, poden observar como mudan os datos co paso do tempo, inclusive en períodos breves. Agora a situación estabilizouse algo, pero hai tres meses produciase, case a diario, algún quebrantamento importante na frecuencia estatística, e eses foron elementos de análise moi importantes nas miñas clases.

Contribuirá a mellorar a formación o feito de desprazar a atención que se lles presta aos contidos cara ás competencias?





Seguro que si, pero este vai ser un camiño moi difícil, entre outras cousas porque dá a impresión de que a xente que lidera esta reforma non lle concede demasiada importancia ao cambio. Refírome aos directores de departamentos, decanos, etc. Apuntámonos a isto máis por obriga que por convencemento e non se reflexionou dabondo sobre o tipo de competencias que cómpre desenvolver. No caso dos profesionais formados na Facultade de Economía, a capacitación ten que ser moi polivalente, xa que están presentes na Administración, en xestorías, en oficinas bancarias, en hospitais. Pode dicirse que resulta difícil atopar un centro de traballo no que non haxa un economista. De aí que esa formación tan plural resulte difícil marcala con competencias moi concretas e en tan pouco tempo, se non se reducen os programas.



57

eduga

Revista Galega do Ensino



Resulta máis pragmático traballar con números que con ideas?

Todas as disciplinas teñen unha parte metodolóxica na que non hai máis que ideas, e unha parte aplicada, onde están os modelos que se utilizan en cada un dos casos. Esa parte metodolóxica non a podemos obviar. Antes de falarlles de economía aos alumnos hai que explicarlles algo do método para que saiban por que xorden as cousas. O estudante debe coñecer a historia do país, a súa evolución económica e a propia historia mundial da economía. Só así se chega a comprender que existen ciclos, descobre se todos teñen a mesma amplitude, ou se uns son máis curtos que outros, por que se producen, etc.

O traballo por competencias foi o que inspirou o cambio na formación profesional...

Si, e con grande éxito. Coñezo este campo bastante ben, sobre todo o período anterior á reforma, porque nese tempo fun, durante catorce anos, profesor de Matemáticas no Instituto Politécnico de Santiago. E quero facer unha puntualización. A FP adquire importancia coa incorporación da informática ás empresas. É daquela cando se produce unha grandísima demanda de técnicos e asistimos ao seu verdadeiro *boom*. Se analizamos as titulacións máis clásicas vencelladas a estes estudos, como Madeira, Carpintaría, ou Electricidade e Electrónica, veremos que as cousas non cambiaron tanto. Pero, en termos xerais, é evidente que a FP se dignificou e pasou de ser unha opción de segundo ou de terceiro nivel, a estar socialmente ben considerada.

Cre que o modelo é transferible ao ámbito universitario?

Non na súa totalidade. Na formación profesional é moi doado delimitar as destrezas que debe acadar o alumnado. Por exemplo, na formación dun torneiro pódense marcar claramente e trimestre a trimestre, as competencias que debe adquirir para que estea en condicións de producir unha determinada peza. Pero as cousas non funcionan así na universidade. A formación dos nosos alumnos é moito máis complexa, debido á versatilidade que se lles esixe a estes profesionais unha vez que entran no mercado do traballo.

Nos cambios que implica o Espazo Europeo de Educación Superior os ensinantes van ter un papel moi relevante. Debería a universidade valorar máis o traballo docente?

Por suposto. A ensinanza está moi desvalorizada. Proba diso é que para conseguir un quinquenio de docencia non hai máis que dar clase, o que menos importa é como se faga. En cambio, para atinxir un sexenio de investigación hai que superar unha avaliación bastante complicada que leva a cabo unha axencia nacional. O novo escenario que se presenta agora ten a vantaxe de que o docente deberá dedicar máis tempo e máis traballo como ensinante. Aínda que moito temo que na práctica isto non vai ser así e do mesmo xeito en todas as áreas.

Entón debería avaliarse o traballo docente, igual que se fai co investigador?

Evidentemente. E debería ser unha avaliación rigorosa. Nestes momentos o traballo docente só se somete ao control dos alumnos, e en condicións moi discutibles. Pásaselles un cuestionario no que eles manifestan a súa opinión respecto dunha serie de aspectos relacionados coas clases. Pero nin o cuestionario, nin a maneira de executalo, cumpre cun mínimo nivel de fiabilidade. Por exemplo, un dos problemas é que se avisa previamente sobre o día e a hora nos que se vai levar a termo a dita avaliación e, como os estudantes tampouco cren que as súas opinións vallan para nada, se no grupo hai máis de cen alumnos, ese día veñen á clase doce.

Vostede ten en conta a opinión dos alumnos á hora de lles dar clase?

Claro que a teño en conta. Os meus alumnos opinan pouco sobre os contidos da materia por unha razón moi sinxela: as matemáticas son escasamente cuestionables. Non obstante, si manifestan os seus puntos de vista tocante á forma de impartilos. Tamén é verdade que as críticas adoitan ter como punto de mira as avaliacións e o modelo de exame. Pero isto tamén repercute na dinámica de aula.

A clase maxistral perde peso...

Certo. Non obstante, penso que a clase maxistral é tan importante, ou máis, que as clases interactivas.

É verdade que o alumnado tende a eludir este tipo de exposicións porque as asocia co que eles chaman “unha leria”. Eu como alumno tiven bos e malos profesores, coma todo o mundo; pero aprendín sempre de todas as experiencias, incluso das máis negativas. Tamén como pai lles recomendei aos meus catro fillos que fosen sempre á clase, xa que de todas se poden extraer ensinanzas. Eu fun un entusiasta das clases maxistras, e coido que, aínda que no futuro teñan menos peso, se deben seguir mantendo, pois os alumnos deben aprender a estar sentados unha hora, a tomar notas e a reflexionar sobre o que se lles di, tanto para referendar os argumentos como para criticalos.

A partir de agora o alumnado deberá asistir á clase.

Así é, e non vai ser unha tarefa doada. Hoxe temos alumnos aos que unicamente vemos nos exames. Mesmo me atopei con algún dos que cursan a miña materia que nin sequera sabía como me chamaba. Seremos quen de cambiar eses hábitos estudantís? Iso dirao o tempo. O que si podemos adiantar é que, se o alumnado non vai á clase, pouco van mudar as cousas.

Cre que se están dando os pasos axeitados para que o Espazo Europeo de Educación Superior facilite a mobilidade do alumnado como se pretende?

Cando Boloña comezou a soar argumentábase que todas as facultades da mesma titulación debían



Perfil biográfico

Jose Carlos de Miguel é catedrático de Economía Aplicada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela. Licenciado en Ciencias Matemáticas e en Farmacia, posúe o grao de doutor nesta última disciplina. A súa traxectoria investigadora pode agruparse en tres períodos con temáticas diferentes. Na primeira etapa da súa carreira estuda a detección de necesidades formativas en determinados colectivos ou sectores. A partir de aí orienta os seus estudos cara a tres cuestións ben distintas: a calidade das universidades públicas en España; o grao de cumprimento dos países cos indicadores do milenio, referidos aos principios de desenvolvemento sustentable; e o benestar dos cidadáns nas distintas provincias españolas.

Nestes momentos traballa cunha metodoloxía denominada Análise Envoltente de Datos DEA, que ten como obxectivo medir a eficiencia da ensinanza universitaria en España. De feito, xa se leu unha tese que utilizou esta metodoloxía e, posiblemente o próximo ano teña lugar a defensa doutra.

ter un núcleo común. Co paso dos anos observamos que os estudos foron cambiando e que se puxo a funcionar o grao. Pero o caso é que seguen existindo moitas diferenzas entre universidades, mesmo dentro de Galicia. O grao de Economía que se imparte en Santiago non ten moito que ver co que se dá na Coruña, ou ao mellor si, pero co da Autónoma de Barcelona seguro que non. Tampouco creo que vaia producirse unha equiparación entre as universidades máis modestas e as máis prestixiosas do Reino Unido ou de Alemaña, por exemplo.

Logo esta reforma non favorecerá a pretendida mobilidade?

O alumno moverase porque xa se movía antes e porque está na idade de se mover. O ser humano é moi versátil a estas idades. Eu fun decano desta facultade durante seis anos, alá polos 90, cando comezaban os Erasmus. Nos apuntámonos a todas estas experiencias de intercambio, sobre todo con universidades francesas, danesas e italianas. Pero, tamén teño que recoñecer que non cría en nada daquilo, absolutamente en nada. Entón parecíame que o estabamos a facer era facilitarlle ao alumnado a maneira de sortear as materias nas que tiña dificultades, para ir cursarlas a outro lugar no que o aprobasen polo feito de ser estranxeiro. Hoxe xa mudei de opinión. Estou convencido de que esta experiencia foi máis importante para a idea de Europa que a propia entrada de España no euro. Neste momento, os meus alumnos de 19 anos teñen unha visión dun mundo sen fronteiras, e cando lles explico que antes para ir a Portugal tiñamos que facer cola, quedan abraiados. Esa nova mentalidade conseguiuase grazas aos Erasmus.

Cales son para vostede os puntos fortes que trae o cambio?

Hai dúas cuestións que considero moi interesantes. A primeira é que o novo escenario que se nos presenta, nos fai reflexionar sobre cuestións nucleares que debemos ensinar. Actualmente a universidade é unha especie de monstro que se alimenta de si mesma. Que quero dicir? Que ata agora, se un profesor facía unha estadia nunha universidade americana, ao incorporarse de novo á súa praza podía poñer en práctica o que aprendera alí como materia obrigatoria, o que é un disparate. Así ocorreu que os currículos se encheron de materias feitas á medida do profesor. Eu coido que todo o que poida achegarse a través de grupos de investigación para mellorar a práctica docente está moi ben, pero ao alumnado que vén dende o bacharelato, hai que delimitarlle os contidos básicos.

E o segundo aspecto máis positivo?

O intento de aproximar a formación superior á empresa. Claro que para conseguir que sexa así a universidade debería poñer en funcionamento un sistema que supere o modelo actual. Neste momento as prácticas non deixan de ser un trámite para acadar o título. Nos anos 90 eu estaba moi entregado a estas cuestións e recordo que, xa daquela, se podían ver páxinas web de universidades americanas que sabían vender moi ben o seu produto. Nelas o alumno podía atopar absolutamente de todo, residencias, bibliotecas, bolsas, etc. É dicir, calquera cuestión relacionada cos estudos. Pero tamén presentaban as posibilidades que ofrecía o mercado laboral. Ata tal punto é así, que unha universidade do prestixio de Harvard dispón dun espazo chamado Oficina de Emprego, así, claramente. Eu tratei de potenciar aquí esta idea, pero as

autoridades non me fixeron moito caso, todo hai que dicilo. A nosa universidade, fincada nun modelo burocrático, nunca foi por aí. Penso que xa é hora de poñernos a pensar nestas cousas.

Sinale o máis criticable do proceso de Boloña

A présa con que se está a facer, cando o proceso precisaría un traballo de reflexión profundo, que pasaría por facer cambios, probalos e ilos encaixando. Eu estou nunha comisión de Economía e observo que se recortaron os programas sen a ponderación necesaria. Asumimos esta responsabilidade sen temporizar, sen un cronograma que nos permita achegarnos pouco a pouco ao cambio esperado.

Corremos o risco de que a universidade se mercantilice?

O primeiro que deberíamos facer é clarificar o que se quere dicir cando se fala de mercantilización: que a universidade se vai ver influída polas empresas, adaptando os seus plans de estudo ao que elas digan? Ou que a universidade vai saír máis cara, xa que o alumnado terá que aboar parte dos custos á hora de cursar un posgrao?

Parece ser que aos estudantes lles preocupa esta segunda cuestión...

Si, eu tamén o creo. Pero hai que recoñecer que o modelo español é moi proteccionista co alumnado, e este paga unhas taxas moi baixas. Proba disto é que na miña facultade hai alumnos que se matriculan de catorce materias para logo presentarse a dúas. De maneira que non me parece que o custo dos estudos sexa un problema importante. Ademais, o alumnado co grao xa pode traballar.

Cando descobre vostede o gusto polos números?

Meu pai era profesor de Matemáticas, digamos que me criei entre os números e estes sempre despertaron en min unha certa curiosidade. Aínda así, cando tiveren que elixir sobre o meu futuro, os estudos de Farmacia estaban entre as miñas preferencias. Non sei se os xenes mandaron, pero o feito é que acabei estudando Matemáticas na Universidade de Santiago. Rematei no ano 1967 e no 68 xa era profesor desta universidade. Anos máis tarde tamén me licenciaba en Farmacia, co cal cumprín as miñas dúas aspiracións. E aí parei porque as obrigas familiares me impediron seguir explorando outros campos, por máis que me apetecese facelo.

Por que cre que hai tantos alumnos que rexeitan as matemáticas?

A razón é moi simple: as matemáticas requiren unha grande abstracción e cando o alumnado ten un pensamento concreto resulta bastante difícil falarlle de algo que non

existe. Os nenos inician o camiño cara á abstracción cando pasan de dicir "aquí hai dous obxectos" a representalos co número dous. Iso é unha conquista impresionante.

Considera logo fundamentais os primeiros anos de escolaridade

Totalmente. A miña muller foi profesora de primaria toda a vida, agora está prexubilada. Ela coma tantos mestres aprendíalles aos rapaces a ler e a escribir. Coido que este é o logro máis importante que pode adquirir o ser humano. A min sempre me pareceu apaixonante o mundo infantil. Os pequenos son como esponxas, apréndeno todo. Daquela, algo debe fallar na cadea escolar para que moitos alumnos cheguen á universidade cun nivel tan baixo. Tamén teño que dicir que as mulleres superan mellor as dificultades que os homes.

E cada vez están máis presentes en postos relevantes...

Non coñezo moito este terreo, pero hai uns anos estiven nun tri-

bunal de tese sobre empresas lideradas por mulleres. A verdade é que daquela o dato era un pouco desalentador, porque a presenza feminina en postos directivos era escasa. Parece que as cousas, aínda que lentamente, van cambiando.

Nestes momentos de dificultades económicas dise que elas están amosando moi boa capacidade para saír adiante...

Seguro que é así, porque as mulleres teñen virtudes moi importantes para o mundo empresarial: son máis coidadosas, máis tenaces e menos arriscadas. Dende logo, na universidade poden constatar que elas os superan en rendemento académico. De feito, o ano pasado un alumno díxome que non se estaba cumprindo a lei de paridade, posto que case todos os aprobados correspondían a mulleres.

Algunhas das súas obras

Estudio de necesidades de formación ocupacional na Comunidade Autónoma de Galicia (1995) Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Demanda de formación ocupacional para mulleres na Comunidade Autónoma de Galicia (1995) Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Coautoría:

ESTÉVEZ NÚÑEZ, J. C. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (1997) *Elementos prácticos para la detección de las necesidades de formación: un enfoque transnacional*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

MURIAS FERNÁNDEZ, P., FIDEL MARTÍNEZ ROGET, F. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (2006) A economic wellbeing index for the spanish provinces. a data envelopment analysis approach *Social Indicator Research* (77) 395-417.

MURIAS FERNÁNDEZ, P., DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. e RODRÍGUEZ, D. (2008) A composite indicator for university quality assesment: the case of spanish higher education system *Social Indicator Research* (89) 129-146.

MARTÍNEZ ROGET, F., MURIAS FERNÁNDEZ, P. e DE MIGUEL DOMÍNGUEZ, J. C. (xan.-febr. 2009) Los principios del desarrollo sostenible en las políticas nacionales: un análisis comparativo desde la perspectiva de los indicadores del milenio *Información Comercial Española* (846) 155-173.